UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

# UNIVERSIDADE, RESPONSABILIDADE SOCIAL E APRENDIZAXE-SERVIZO: UN ESTUDO NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TESE DOUTORAL

Javier Agrafojo Fernández

DIRECTORES

Prof. Dr. Miguel A. Santos Rego
Departamento de Teoría de Educación, Historia da Educación e Pedagoxía Social

Prof. Dr. Antonio Rial Sánchez
Departamento de Didáctica e Organización Escolar

Santiago de Compostela, Setembro 2015

*Para algunhas universidades, o obxecto da súa existencia é a excelencia académica. Nos consideramos que a razón da nosa existencia é o servizo á xente, e a excelencia académica o seu mellor instrumento*

*Mari Nieves Tapia*

AGRADECEMENTOS

Sen a participación do alumnado da Universidade de Santiago de Compostela nos programas de voluntariado e participación social durante todos estes anos, esta tese non podería ter existido. Así pois, o meu agradecemento a eles por todo o que durante estes anos me fixeron aprender e descubrir.

Aos profesores Miguel A. Santos Rego e Antonio Rial Sánchez, por crer no proxecto dunha persoa allea ao seu círculo académico e polo seu apoio e guía durante este traballo.

A miña familia por ter estado sempre aí. Soamente eles saben todo o que lles debo.

A miña muller e aos meus fillos, que cada día me ensinan e apoian e polos que, ao fin e ao cabo, o que fago ten sentido máis alá do que podo transmitir e chegar a expresar.

# ÍNDICE

**TESE DOUTORAL**

# UNIVERSIDADE, RESPONSABILIDADE SOCIAL E APRENDIZAXE-SERVIZO: UN ESTUDO NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## ÍNDICE

**INTRODUCIÓN ..... 15**

**PARTE I: UNIVERSIDADE, PARTICIPACIÓN SOCIAL, VOLUNTARIADO E APRENDIZAXE–SERVIZO. MARCO TEÓRICO**

**CAPÍTULO I**
**A UNIVERSIDADE COMO AXENCIA SOCIAL E EDUCATIVA ..... 25**

1.1. Qué é a Responsabilidade Social Universitaria ..... 27

1.1.1. Orixe e Desenvolvemento da Responsabilidade Social na USC ..... 32

**CAPITULO II**
**VOLUNTARIADO E PARTICIPACIÓN SOCIAL NAS UNIVERSIDADES ..... 39**

2.1. Antecedentes históricos no voluntariado e a participación social ..... 43

2.2. Voluntariado: O marco conceptual ..... 53

2.3. Motivacións das persoas voluntarias ..... 61

2.4. As universidades como axentes sociais: o acercamento á sociedade é á súa contorna ..... 65

2.4.1. Creación de espazos e servizos como xestores da promoción do voluntariado ..... 67

2.4.2. Qué entendemos por voluntariado universitario? .....69

2.5. O Marco lexislativo para a Participación social e o voluntariado nas Universidades.....73

2.5.1. Marco lexislativo europeo.....74

2.5.2. O marco lexislativo no Estado Español.....93

2.5.3. A Lexislación do voluntariado na Comunidade Autónoma de Galicia.....95

2.5.4. A situación normativa nas Universidades de Galicia.....97

**CAPÍTULO III**
**A XESTIÓN DA PARTICIPACIÓN SOCIAL E O VOLUNTARIADO NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.....101**

3.1. A Oficina do Voluntariado. Orixe e desenvolvemento ..107

3.2. O Servizo de Participación e Integración Universitaria..123

3.3. A dinámica da acción como formación socioeducativa na USC.....133

3.3.1. Como se xera a idea de tratar de instaurar o ApS como unha ferramenta de apoio ao traballo docente na USC.... 137

3.3.2. A vía do servizo.....139

3.3.3. A vía da aprendizaxe .....141

**CAPITULO IV**
**DA PARTICIPACIÓN SOCIAL E O VOLUNTARIADO Á APRENDIZAXE-SERVIZO NA UNIVERSIDADE: UNHA CANLE DE INNOVACIÓN E DESENVOLVEMENTO.....149**

4.1. Introducción .....151

4.2. Acerca da educación formal, non formal e informal .....152

4.3. Cara a unha definición da aprendizaxe-Servizo .....154
4.4. Notas históricas sobre a Aprendizaxe-Servizo .....158
4.4.1. A aportación de John Dewey e o desenvolvemento da metodoloxía do ApS nos Estados Unidos de América .....159
4.4.2. Aprendizaxe-Servizo en América Latina .....161
4.4.3. A Aprendizaxe-Servizo na Unión Europea e España.163
4.5. Aprendizaxe-Servizo, Participación Social e Voluntariado: concordancias e discordancias nos proxectos da USC.....169
4.6. Aprendizaxe-Servizo e competencias transversais no EEES.....183
4.7. Algúns exemplos de Aprendizaxe-Servizo nas Universidades Galegas.....189
4.7.1. O Proxecto Can Campus .....190
4.7.2. O Proxecto PEINAS: Pedagoxía Intercultural e Aprendizaxe-Servizo .....192
4.7.3. Bioquímica: ensinar para aprender. Un proxecto de aprendizaxe-servizo para alumnos de veterinaria.....194
4.7.4. Administración Avanzada de Sistemas e Redes. Prestación de servizos de administración informática na USC. Proxecto de aprendizaxe-servizo para alumnos de enxeñaría informática.....197
4.7.5. Aula do corpo: Un proxecto de aprendizaxe-servizo con perspectiva de xénero.....201

**PARTE II. A RESPONSABILIDADE SOCIAL UNIVERSITARIA E A APRENDIZAXE-SERVIZO. A DIMENSIÓN EMPÍRICA DO ESTUDO**

**CAPÍTULO V**
**A PARTICIPACIÓN DOS ESTUDANTES NA USC. UNHA APROXIMACIÓN DE CARÁCTER EMPÍRICO..... 209**

5.1. Introdución ..... 211

5.1.1. A oportunidade do estudo ..... 213

5.1.2. O propósito da investigación ..... 216

5.1.3. A metodoloxía da investigación científica ..... 217

5.2. Notas sobre o problema da investigación ..... 221

5.2.1. Formulación do problema ..... 224

5.2.2. Revisión bibliográfica ..... 225

5.2.3. Obxectivo xeral e obxectivos específicos ..... 230

5.3. Poboación e mostra ..... 231

5.4. Instrumentos da investigación ..... 236

5.4.1. Elaboración de enquisas ..... 239

5.4.2. Descrición das enquisas ..... 241

5.4.3. Procesamento e tratamento de datos ..... 249

**CAPÍTULO VI**
**OS ESTUDANTES E AS POSIBILIDADES DO APS NA USC. ANÁLISE DE DATOS E DESCRICIÓN DE RESULTADOS. ..... 253**

6.1. Perfil das mostras de estudantes ..... 255

6.2. Análise das respostas ás enquisas dos estudantes. Cursos 1996-1997 a 2004-2005 ..... 256

6.2.1. Análise causal: antecedentes do rendemento e a satisfacción....280
6.3. Análise das respostas ás enquisas dos estudantes: cursos 2009-10 a 2011-12....315
6.3.1. Análise causal: antecedentes do rendemento e a satisfacción....352

**CONCLUSIÓNS....375**

**BIBLIOGRAFÍA....393**

**ANEXOS....423**

**ÍNDICE DE TÁBOAS....477**

# INTRODUCIÓN

O presente estudo, co que se pretende optar ao grao de Doutor en Ciencias da Educación, xorde da idea de tratar de poñer en valor as diferentes competencias e habilidades, persoais, académicas e profesionais, que o alumnado da Universidade de Santiago de Compostela que colabora en actividades de voluntariado e participación social obtén polas súas colaboracións. Pero non só unha visión teórica, senón a que eles mesmos perciben, logo de ter realizado as súas colaboracións.

A Universidade de Santiago de Compostela conta dende setembro de 1996, cun servizo destinado a promover a participación da comunidade universitaria en actividades de voluntariado e, ao longo deste anos, foron os propios estudantes os que lles foron amosando aos responsables de dito servizo o importante que para eles estaban a ser as aprendizaxes e habilidades que obtiñan, logo de colaborar nos proxectos que se lles propoñía dende a USC e en colaboración coas entidades da contorna máis próxima dos seus campus, os de Santiago de Compostela e Lugo.



É nos anos previos á posta en marcha do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), coincidindo cos dez anos de funcionamento do servizo, nos que se decide facer unha primeira aproximación ás valoracións que o alumnado participante nestes programas fai do que foron as súas colaboracións.

Nestes anos, e coincidindo coas primeiras noticias sobre a futura redacción do Real Decreto que regulará a creacións dos estudos de Grao, Máster e Doutorado no noso Estado, das que se extraen as posibilidades de recoñecemento académico que terán

nos estudos de Grao as colaboracións en actividades deste tipo, será cando se poñan as primeiras bases para o desenvolvemento da investigación que neste momento nos ocupa.

O Espazo Europeo de Educación Superior é xa unha realidade e entre as recomendacións que definen a posta en marcha de novos graos incluíuse a necesidade de adquisición de competencias e habilidades de carácter transversal, para a obtención de calquera título de grao.

A dificultade que en moitos casos pode supor poñer en valor por parte do persoal docente deste tipo de competencias dende o traballo máis directamente relacionado con cada materia curricular, xunto coas valoracións que de xeito informal o alumnado fai das súas colaboracións, nos puxeron sobre a pista do xermolo deste estudo.



Así, son os propios estudantes os que nos fan ver que a adquisición de competencias pode ampliarse máis aló do tradicional enfoque de contidos de cada grao e, como non, poñendo en valor a participación social e o voluntariado, a través de metodoloxías da aprendizaxe xa testadas e recoñecidas noutras realidades sociais, pero que están iniciando a súa expansión no noso Estado, como é a aprendizaxe-servizo.

Nesta investigación tratamos de poñer en valor a visión que ten o alumnado das súas colaboracións como voluntarias e voluntarios, para así tratar de favorecer con novos e testados argumentos, a introdución da aprendizaxe-servizo como unha metodoloxía máis de traballo na aula, e fora da aula, que, ademais,se corresponderá cunha idea da educación superior máis implicada no desenvolvemento social e a adquisición de valores que na complexa realidade da

coxuntura pola que atravesamos pode supoñer a formación de profesionais socialmente máis activos e comprometidos co desenvolvemento de estruturas sociais, económicas e cidadás máis xustas e participativas, e que favorezan a desaparición das cada vez máis profundas e preocupantes desigualdades económicas e sociais nos escenarios nacionais e internacionais.

O presente traballo estrutúrase en seis capítulos divididos en dous bloques diferentes pero, loxicamente, totalmente vinculados entre si. Na primeira das partes faremos un acercamento ás ideas de responsabilidade social universitaria e ao desenvolvemento da mesma a través das estruturas solidarias que as institucións de educación superior foron poñendo en marcha este últimos anos para, posteriormente facer unha aproximación ao marco conceptual do voluntariado e a participación social e ás particularidades do voluntariado universitario en si mesmo.



Seguiremos cunha análise do marco lexislativo para a participación social nas universidades tanto a nivel europeo, como estatal e autonómico, para rematar este apartado cun breve análise sobre a situación normativa nas universidades de Galicia.

Pasaremos despois a facer unha análise da xestión do voluntariado e a participación social na USC mediante un percorrido pola evolución da proposta da nosa institución, dende a Oficina do Voluntariado até o Servizo de Participación e Integración Universitaria, á dinámica da acción hoxe en día na USC.

O cuarto capítulo e final desta primeira parte, centrarase na realización dunha análise da aprendizaxe-servizo nas universidades, propoñendo unha definición de entre as múltiples existentes e

recollendo algunhas notas históricas sobre a aprendizaxe-servizo, o seu influxo no noso Estado e algunhas experiencias en universidades galegas.

A segunda parte da investigación ten unha orientación fundamentalmente empírica. Consta de dous capítulos que marcan a abordaxe de cuestións complementarias. No primeiro xustifícase a parte práctica da investigación ademais de amosar o plan de traballo seguido. Aquí será onde definamos as variables do estudo, a hipótese xeral, a poboación que participou e o deseño de ferramentas polo que se optou.

Podemos dicir que é aquí onde introducimos a parte realmente empírica do estudo, que se corresponde co traballado no capítulo seguinte e último. Este está dividido en tres epígrafes diferentes. O primeiro fai referencia ao perfil das mostras de estudantes escollidas e o porqué desta selección. De seguido ocupámonos da análise descritiva da primeira mostra, antes doutro epígrafe no que se realiza unha análise entre rendementos e satisfaccións. Máis adiante, repetindo o esquema anterior, facemos referencia aos resultados obtidos cos datos resultantes de pasarlle a nova ferramenta ao grupo seleccionado.



Como remate da tese, naturalmente, presentamos as conclusións e, despois das correpondentes referencias bibliográficas, un apartado de Anexos recollendo aqueles documentos relevantes no desenvolvemento do estudo.

Xa que logo, finalmente, do que se trata no traballo é de dar resposta, mediante a análise das percepcións dos principais actores do estudo (os estudantes) á pregunta de se a Responsabilidade Social

Universitaria e os proxectos e servizos que ao seu carón se van desenvolvendo nas institucións de educación superior –como pode ser o caso do Servizo de Participación e Integración Universitaria–, están a favorecer, ou non, a introdución de novas metodoloxías de aprendizaxe que, dende a óptica dos futuros egresados contribúen a unha mellora na calidade das propostas formativas ofrecidas polas nosas universidades.

# PARTE I:

# UNIVERSIDADE, PARTICIPACIÓN SOCIAL, VOLUNTARIADO E APRENDIZAXE–SERVIZO. MARCO TEÓRICO

# Capítulo I

# A Universidade como Axencia Social e Educativa

## 1.1. Qué é a Responsabilidade Social Universitaria

Se entendemos por Responsabilidade Social Universitaria (RSU) a capacidade que ten a Universidade, de difundir e poñer en práctica un conxunto de principios e valores xerais e específicos, por medio de catro procesos considerados claves na Universidade, como son a xestión, a docencia, a investigación e a extensión universitaria, respondendo socialmente así, ante a propia comunidade universitaria e o país onde está inserta veremos que a USC é unha universidade que encaixa como modelo neste aspecto (Valleys, 2006).

Nos últimos anos vimos asistindo a unha transformación profunda dos sistemas de educación superior nos que aumentou o abano de proxectos nos que, ademais dunha intensa actividade investigadora e unha modificación dos programas docentes, hai outros moitos campos que están sendo desenvolvidos (Martínez de Carrasquero; Mavárez et al., 2008).



Fíxose necesario aumentar os esforzos universitarios en canto a establecer redes de colaboración coa industria (De la Cuesta González, 2004) e tamén se puxeron en marcha numerosos proxectos que contribúen a favorecer a investigación sobre desenvolvemento sustentable (Méndez Picazo, 2005), a tamén chamada terceira misión das universidades (García Benau, 2014). Do mesmo xeito, aumentaron as relacións e actividades co tecido asociativo da contorna máis próxima dos nosos campus e as universidades pasaron a asumir un papel cada vez máis activo no deseño de propostas que favorezen a inmersión da institución universitaria na sociedade.

Se ben é importante que a sociedade ten que coñecer estas aportacións, para que puída beneficiarse delas e se establezan as

sinerxías que potencien o valor da universidade como impulsora de cambios e comprometida coa súa contorna, non podemos afirmar dunha maneira categórica que isto estea a ocorrer por parte da sociedade, nin que, a pesares de que a USC fai un importante esforzo para proxectar fora a idea de responsabilidade social, este esforzo sexa entendido como un dos obxectivos principais por unha parte moi apreciable dos membrosda comunidade universitaria.

Como, desafortunadamente, aínda hoxe en día está a ocorrer, este coñecemento da actividade social da universidade está a ser visto como mera filantropía ou como un simple gasto fora do ámbito natural de actuación da entidade de cara a "redimir" malas prácticas ou a mellora da súa imaxe. A responsabilidade social universitaria ben entendida, ten que ver co que supón unha reforma integral da institución que inclúe a participación de estudantes, docentes e persoal de administración e servizos en actividades e iniciativas sociais, así como o desenvolvemento de proxectos de investigación-acción de importante incidencia na contorna.



Trátase de proxectos que se poden relacionar con seus principais obxectivos, docencia e investigación, pero que sumados á acción solidaria da universidade contribúen a romper o illamento entre os propios estancos disciplinarios que tenden a ser os departamentos e as materias, permitindo xerar novas vías de diálogo, dentro da institución e coa súa realidade máis próxima.

Deste xeito sería posible romper coa cultura do traballo illado, coa idea dunha universidade elitista e pechada en si mesma, co vello tópico da universidade como unha torre de marfil (Phillips e Pugh,

2005), para achegala á do traballo colectivo, incorporando a cultura do diálogo, non só na universidade e entre os seus departamentos e servizos, senón tamén coa comunidade.

Así pois, grazas ao impulso deste tipo de traballo ou concepción dos obxectivos da universidade, a nosa institución non só divulga e ensina á sociedade senón que tamén aprende dela.

Sen embargo, a realidade até o momento indicaba que moitos e importantes aspectos desta actividade universitaria eran completamente descoñecidos incluso pola contorna máis próxima ás mesmas.

No ano 2004, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) afianzou a súa aposta pola responsabilidade social adoptando unha estratexia nese senso (Memoria de Responsabilidade Social da Universidade de Santiago de Compostela 2006-2007. 2009). Esta é congruente co obxectivo de formar cidadáns responsables, un compromiso educativo que debe ir acompañado dunha práctica responsable da universidade como organización.



O apoio e desenvolvemento de estruturas: a Oficina de Desenvolvemento Sostible, a Oficina de Igualdade ou o Servizo de Participación e Integración Universitaria, son unha mostra das novas propostas que a USC está a deseñar e tratar de procurar, para continuar co desenvolvemento de seu proxecto educativo dende unha perspectiva máis integral e socialmente responsable.

Nos atopamos nun mundo no que se require máis formación para poder participar nos asuntos públicos propios dunha cidadanía activa.

A educación debe ser unha vía principal na procurade competencias para todos os cidadáns, de xeito que o proceso educativo axude a comprendermellor o mundo, convivir xuntos e actuar con criterio.

Para poder desenvolver un papel realmente transformador, a educación, incluída a de nivel superior, debe traballar nun plano de igualdade, pero tratando de acadar os máis altos niveis de calidade e excelencia nas aprendizaxes destinadas á nosa inclusión no mundo laboral e profesional, e mesmo tratando de que a formación converta ás persoas en cidadáns máis equitativos e comprometidos.

Desde logo, a preparación para a inserción persoal, social e laboral das persoas e a formación de profesionais implicados social, cultural e como cidadáns activos, debería converterse no obxectivo fundamental da educación do futuro.



Principios como a sostibilidade e/ou a sustentabilidade, tanto a nivel persoal como profesional, deben ser os que centren parte dos principais esforzos no ámbito educativo.

Agora ben, toda innovación que a universidade faga dentro das súas propostas formativas debe integrarse e supor un cambio se quere chegar a ser perdurable no tempo. Os esforzos en favor da inclusión da responsabilidade social na universidade soamente terán efecto se somos capaces de conseguir para esta –a responsabilidade social– o recoñecementoda institución, e de que pasen a ser experiencias innovadoras e parte do plan educativo e de calidade da institución, non do interese particular dos seus promotores, sexan membros do equipo de goberno, ou dun departamento ou servizo.

Como mínimo, segundo sinala Martínez (2008), podemos atopar tres razóns para poder entender a formación universitaria no Espazo Europeo de Educación Superior.

A primeira está relacionada co papel da universidade hoxe en día. Non podemos pensar que unha formación universitaria de calidade se pode ver reducida á mera adquisición de competencias para unha boa inserción laboral. Cando pensamos nunha formación universitaria de calidade debemos facelo considerando tanto as competencias curriculares que debe adquirir o futuro egresado para a súa inserción laboral, como o custo xeral da adquisición de tales competencias, ou o conxunto de aprendizaxes de carácter transversal que inciden na empregabilidade do futuro graduado, e que afectan á dimensión relacional das persoas, favorecendo así mesmo esa incorporación aomundo laboral.



Entre estas competencias de tipo transversal poderemos sinalar, por exemplo, a capacidade de traballo en equipo, a toma de decisións, a convivencia con grupos heteroxéneos, a incorporación ao tecido social, ou a actuación de maneira autónoma e con iniciativa.

A segunda razón, e quizais a máis discutida hoxe en día, é que a formación superior soamente se pode concibir como unha formación de calidade se traballa en favor da cohesión social e contribúe a que os futuros graduados orienten as súas actividades a unha mellora do incremento da produtividade e das condicións que favorecen a inclusión social e a construción da cidadanía. Até a conferencia de Berlín no 2003 non se relaciona de maneira directa a construción do EEES co mundo dos valores, a cohesión social ou a redución das desigualdades, tanto dentro dos estados como entre eles e a nivel europeo.

E a terceira das razóns das que nos facíamos eco (Martínez, 2008), ten que ver cos fundamentos principais da construción europea. A posta en marcha dunha Europa dos cidadáns non será posible sen desenvolver estándares de inclusión e cohesión social, redución de desigualdades, e aínda recoñecemento da diferenza como un valor e piar da loita pola equidade.

### 1.1.1. Orixe e Desenvolvemento da Responsabilidade Social na USC

Afondando máis neste tema e tal e como recollen escritos e investigacións doutros autores, como é o caso de R. Gaete Quezada, profesor da Universidade de Antofagasta, Chile, segundo as distintas orientacións e enfoques da Responsabilidade Social Corporativa, poderíase identificar tres enfoques diferentes de responsabilidade social universitaria dende tres diferentes perspectivas: xerenciais, transformadoras e normativas.



Tomando como guía as propostas recollidas no seu traballo, *La responsabilidad social universitaria como desafío para al gestión estratégica de la Educación Superior: el caso de España* (Gaete Quezada, 2011) faremos unha análise de como pensamos se atopa este tema recollido e desenvolvido na nosa Universidade.

De todos os xeitos e como no poser doutro modo, estes enfoques non se presentan separados uns dos outros e, na práctica, poden coincidir máis de unha destas orientacións ou perspectivas en cada universidade. Seguindo ao autor que vimos de citar, trataremos

agora de identificar cales son os trazos de cada modelo, ao tempo que reclamamos atención para as propostas e actuacións que considera a USC.

- Enfoque ou perspectiva xerencial

As súas actividades céntranse na rendición de contas aos distintos axentes identificados como *stakeholders*[1], rendición de contas mediante procesos que permiten a identificación e recollida dunha seriede indicadores que permiten cuantificar o impacto das accións realizadas no ámbito da Responsabilidade Social Universitaria (RSU).

Un claro exemplo é a crecente e aínda recente confección de memoriasde RSU, mediante as que se pretende dar conta do impacto das accións realizadas.



Así, a primeira universidade española enpresentar unha memoria deste tipo, utilizando como base as propostas da *Global Reporting Initiative*, foi a Universidade de Santiago de Compostela no ano 2003. Alén da memoria económica e financeira habitual, elaborou un documento no que se recollían os impactos do traballo docente, investigador e de xestión universitaria. A USC non presenta unha memoria de RSU soamente pola obriga que, debido ao seucarácter público, ten de explicarlle á sociedade e ao goberno o que fai e por que o fai, senón que trata de explicar o seu funcionamento e rendemento para diferentes *stakeholders*: os estudantes, as empresas e organismos sociais que lle poderán dar emprego aos seus egresados, sen esquecer o goberno, o persoal académico e os provedores de recurso públicos e privados.

1 http://www.businessdictionary.com/definition/stakeholder.html

- A perspectiva transformacional da Responsabilidade Social Universitaria

Este segundo enfoque sitúa á RSU como a tarefa que teñen as universidades de liderar os aportes e reflexións que permitan acadar unha mellor sociedade, máis equitativa e xusta, con especial atención ao desenvolvemento sustentable, onde a universidade sexa institución capaz de amosar formas de construír unha mellor sociedade.

Polo que fai ao ámbito da formación, a promoción da aprendizaxe-servizo é considerada como unha ferramenta básica para a contribución á formación de estudantes implicados no desenvolvemento sustentable e na inserción social, de xeito que beneficie, finalmente, a súa empregabilidade e inserción laboral.



A promoción da aprendizaxe-servizo podería ser unha ferramenta fundamental para a introdución da RSU, polo que supón de fortalecemento dos valores e capacidades sociais dos membros da comunidade universitaria, así como dunha mellor e máis activa inclusión dos axentes sociais da comunidade local dentro dos proxectos universitarios.

As propostas de investigacións socialmente responsables, xunto coas políticas de cooperación universitaria ao desenvolvemento, serían áreas de desenvolvemento da RSU que, ademais. permitirán ver ás universidades como institucións socialmente transformadoras e non só como industrias do coñecemento ou fábricas de profesionais (Arias Careaga e Molina Bayón, 2008).

Creemos que a USC está a recoller principios e aspectos propios deste modelo de enfoque xa que a aprendizaxe-servizo é

unha estratexia formativa que estácomezando a ser aplicada por docentes de distintas materias e que se vai incorporando ás propostas formativas para o PDI a través do *Plan de Formación e Innovación Docente* da USC (5 obradoiros desenvolvidos nos tres último cursos, por exemplo) e sobre a que están en marcha distintos proxectos de investigación a través de teses ou proxectos de investigación do plan nacional, como o que lidera o *Grupo ESCULCA* na Facultade de Ciencias da Educación baixo o título "Aprendizaxe-servizo e innovación na Universidade. Un programa para a mellora do rendemento académico e o capital social dos estudantes". No proxecto integranse equipos de seis universidades.

Por outra banda, a Universidade de Santiago de Compostela conforma, coas outras dúas universidades galegas, a Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento. Desde esta Rede estanse a promover, coordinar e deseñar proxectos relacionados coa cooperación e a educación para o desenvolvemento, ao carón de actores e contrapartes locais e de terceiros países, que posibilitan o deseño de estudos e proxectos de investigación-acción de notorio impacto social.



Así mesmo, dende fai dezanove (19) anos ten un forte compromiso social coa súa contorna, mediante a coordinación das actividades desenvolvidas polo Servizo de Participación e Integración Universitaria, conectando a comunidade universitaria co tecido social é a cidadanía mediante a promoción da participación activa dos seus membros, en colaboración coas ONG e axentes socias do terceiro sector nos campus ou perto dos mesmos.

- Enfoque ou perspectiva normativa.

Este terceiro enfoque presenta á RSU como compilación de normas, valores e principios, promovidos dende as institucións de educación superior a fin de favorecer procesos de transformación e intercambio coa sociedade. Do que se trata é de que a universidade chegue a compartir coa súa contorna máis próxima unha parte importante da súa cultura.

É moi habitual que as universidades máis ligadas a este enfoque constitúan redes nacionais ou transnacionais á procura do fomento e transmisión de valores e boas practicas, vinculados ao concepto de RSU.



Novamente, a USC faise eco deste modelo cando se converte en promotora do chamado *Grupo Compostela de Universidades*, creado en 1994 e que a día dehoxe acolle a cerca de setenta universidades de pleno dereito e a un extenso grupo de entidades colaboradoras.

Dende a súa creación, o Grupo Compostela organizou obradoiros de aprendizaxe, promoveu conferencias de alcance internacional, deseñou proxectos de mobilidade intercontinental (programa STELLA, unha innovadora proposta dirixida ao persoal administrativo das universidades) e mesmo ten creado unha serie de grupos de traballo en áreas de interese social (estudos de xénero, lingüísticos, relacionados coa conservación da herdanza cultural do Camiño de Santiago, etc.)

Unha das principais funcións do Grupo é a de catalizar procesos de comunicación entre as universidades. Para isto, entre outras actuacións, tenespecial importancia a celebración da Asemblea Xeral do Grupo, que adoita ter lugar no mes de setembro.

Neste evento anual, ademais de revisarse os aspectos administrativos da rede, as institucións educativas reunidas teñen ocasión de poñer en común as súas experiencias e debater e presentar propostas para iniciativas conxuntas.

Complementariamente, aínda é posible sinalar varias cuestiónspolo que fai á Responsabilidade Social Universitaria e ás propostas desenvolvidas na USC. De entrada, é doado deixar constancia, á vista do que vimos tratando, de que os tres modelos poden convivir e, de feito, conviven na nosa universidade. Nesto, tal vez poidan influír cuestións relacionadas coa escasa interiorización da importancia da RSU, e mesmo que as propostas sexan feitas polos equipos directivos, sen moita implicación nos proxectos polo resto de actores e membros da comunidade universitaria.



Os equipos de goberno –desde a nosa persoal perspectiva–, no seu desexo de render contas á sociedade, non explotan claramente os recursos que poderían favorecer o desenvolvemento de políticas de RSU con posibilidade de seren inequivocamente transformadoras. Temos este punto por moi importante xa que a universidade pode caer na tentación de simplificar as propostas vinculadas á RSU fixando propostas nunha  dirección máis parella á das empresas que á de organizacións complexas no espazo público.

Temos fundadas esperanzas de que traballos como este podan contribuír a visibilizar de forma positiva as actuacións que a Universidade de Santiago está a formular, de tal xeito que as propostas de RSU non refiran temas exclusivamente institucionais, e pasen a constituír unha faciana máis da maneira de traballar no seu seo, un reclamo fundamental en tempos de incerteza.

# CAPITULO II

# Voluntariado e Participación Social nas Universidades

Neste capítulo trataremos de facer unha análise que recolla os antecedentes históricos do voluntariado e mesmo o seu marco conceptual máis aceptado nestes intres, xunto co complexo motivacional que pode latexar nestas persoas.

Tamén faremos un achegamento ao papel das universidades como axentes sociais e ás particularidades que ten o voluntariado universitario en si, fronte ao voluntariado social máis amplamente entendido.

Remataremos cunha análise do marco lexislativo estatal e europeo, para poder examinar se favorece ou non a implicación das universidades como axentes sociais mediante a introdución das estruturas de voluntariado como un elemento máis da súa proposta académica.



Na actualidade, a práctica totalidade das universidades do noso país contan cunha estrutura dedicada a favorecer a participación social, a cooperación e educación para o desenvolvemento e o voluntariado.

A forma que se lle da ou a denominación da mesma varían dunha a outra, pero os obxectivos e principios son basicamente os mesmos. Soamente unhas poucas a día de hoxe tratan de introducir a participación social e o voluntariado como unha actividade recoñecida academicamente mediante o deseño de protocolos claros aprobados por acordo do Consello de Goberno, e a USC foi sempre pioneira neste tema.

Unha das misións deste estudo é dar resposta a algunhas das conclusións recollidas no traballo dos profesores Santos Rego e Lorenzo Moledo (2007, p. 268) nas que recollen como imprescindible

"*diagnosticar as [...] capacidades, competencias percibidas dos universitarios galegos para implicarse proveitosamente nas actividades que o voluntariado vén desenvolvendo en contacto con axencias da comunidade social* e *[...] chegar a saber a efectiva repercusión que producen nos individuos [...] eses plans de acción social*".

Así mesmo, esta investigación pretende tamén dar resposta a outra das conclusións recolleitas na mencionadaobra: *fornecer [...] os niveis de implicación dos seus estudantes ao facelos conscientes das motivacións fundamentais destes á hora de achegarse, e mesmo de comprometerse, coas actividades do voluntariado* (Ibidem, p. 269).

Para completar o achegamento ao voluntariado universitario faremos un pequeno percorrido polos antecedentes históricos do voluntariado e a participación social.



Logo faremos unha análise das universidades como axentes sociais e o seu achegamento á sociedade e á súa contorna mediante a creación de espazos e servizos para a xestión da participación social e do voluntariado, para rematar cun breve pero importante análise do que entendemos por voluntariado universitario, o único que se caracteriza por nomearse segundo o perfil do colaborador, non do grupo beneficiario das súas actividades.

Esperamos que este traballo contribúa tamén a que, como conclúen no seu estudo (Santos Rego e Lorenzo Moledo, 2007, p. 272) "*[...] a oferta de formación universitaria* inclúa, *sen complexos, o traballo comunitario dos estudantes como vía de aprendizaxe disciplinar, e como proxectos de axuda na resolución de problemas*

*da vida cotiá a través do servizo. A responsabilidade deses programas corresponderá aos departamentos e unidade académicas, en estreita colaboración coas oficinas de voluntariado das universidades [...]".*

Se somos capaces de facer ver que os estudantes consideran que as súas colaboracións son de interese para a súa formación, como é o obxecto desta tese, indubidablemente, estaremos avanzando noutro dos obxectivos recollidos no estudo antes mencionado.

## 2.1. Antecedentes históricos no voluntariado e a participación social

Un dos primeiros pasos que debemos dar á hora de iniciar unha reflexión sobre a participación social e a intervención voluntaria das persoas nos procesos de transformación social, é tratar de establecer cales son os campos de actuación onde realizamos a intervención voluntaria destinada a intervir socialmente.



Por intervención social adoita entenderse o conxunto de accións desenvolvidas nunha comunidade co obxectivo de cubrir as súas necesidades primarias e elevar así o benestar individual e colectivo. A intervención xustifícase pola exixencia de facer fronte á inercia social na que se impón  a desigualdade e a inxustiza: fronte á tendencia natural aos desequilibrios sociais, a intervención social lexitimaríase como un fenómeno compensador (ver Lama, 1998).

A intervención voluntaria, a participación social, en tanto que práctica social, dependerá de cada momento histórico e dos trazos característicos que configuren a cultura e a sociedade da época; da

consideración que se puidera ter en cada época das necesidades das persoas, e deberá dar resposta, como mínimo, ás necesidades sociais, culturais e educativas da poboación.

Cómpre dicir que a historia do voluntariadoestivo enraizada na doutrina da caridade, da beneficencia, profesada en diferentes relixións dende o precepto do *"amor ao próximo"*; e motivada pola idea de dar unha resposta caritativa á pobreza (López Alonso et al., 1986). A esmola (exercicio individual da piedade), a organización da caridade cristián (hospitais eclesiásticos como o antigo Hospital dos Reis Católicos en Santiago de Compostela) ou a beneficencia secularizada a través de albergues, son algunhas das manifestacións históricas nas que se plasma.



Sen embargo, e como dicíamos con anterioridade, as características dos voluntarios e o seu campo de actividade foron diferentes en cada período histórico.

Moitos estudos afirman a imposibilidade de definir o voluntariado e a participación social, dado que unha das súas características fundamentais é a facilidade para a adaptación ás oportunidades e ás esixencias da sociedade, polo que debe de concibirse como un fenómeno complexo e por iso cómpre que sexan varias disciplinas as que interveñen no seu estudo.

Nun primeiro momento, na Idade Media, a axuda aos demais desenvolvese tamén a través da familia e as relacións de boa veciñanza. É a solidariedade veciñal ou familiar a que aparece cando un cidadán ten problemas. Axúdaselle no cultivo, a reconstruír unha vivenda danada, á viúva que non ten medios de subsistencia,

ou se acolle aos orfos que perderon aos pais. Sen dúbida, este tipo de solidariedade veciñal continúa na actualidade desempeñando un importante papel, aínda que xa non dun modo exclusivo.

Outra forma de protección, típica desta primeira época, non baseada nas relacións de boa veciñanza ou familiares eran os gremios. Estes eran corporacións formadas por mestres, oficiais e aprendices dunha mesma profesión ou oficio, rexidos por estatutos e ordenanzas especiais. Os gremios establecían mecanismos de protección para os afiliados ante situacións de necesidade, por medio de cotas aportadas polos membros; soamente tiñan dereito a beneficiarse destas prestacións os seus membros, quen contribuían ao mantemento do gremio.



Os señores feudais tamén daban certa protección e refuxio aos vasallos que formaban parte do seu feudo, pero por outra banda, contribuían á súa sistemática explotación. Quizais por isto proporcionaban unha leve protección social, graciable, sen criterios preestablecidos e baseadas nunhas claras relacións de submisión.

Como dixemos máis arriba, na Idade Media, a caridade prevalecía como gran obrigade todo cristián. A finais do século XI e cando se produce unha certa institucionalización da axuda caritativa, xurdindo as primeiras fundacións hospitalarias como froito de iniciativas particulares. Na primeira metade do século XIII unha serie de circunstancias sociais dan lugar ao paso da caridade feita por poderosos laicos e eclesiásticos á realizada de modo predominante polos cidadáns vinculados a confrarías e gremios, que dalgún xeito eran intermediados polo clero.

Os principais beneficiarios destas accións caritativas non eran os membros dunha familia, dun feudo ou dun gremio, senón os excluídos que non estaban suxeitos á protección deses sistemas. A caridade era exercida polos cidadáns dando esmola, polos concellos mediante albergues e casas de misericordia, ou a través das organizacións relixiosas cos seus hospitais eclesiásticos.

Progresivamente vaise reducindo a protección pública e eclesiástica comezando a tomar corpo a beneficencia pública. Esta, a diferenza da caridade, non é exercida pola Igrexa ou por cidadáns con medios económicos, senón que o protagonismo principal pasa a ser ocupado polos concellos. Esta acción pública ten dúas caras: porunha banda, trata de reprimir a pobreza e a mendicidade; e por outra, despunta a idea de que a persoa desvalida non pode quedar á vontade das axudas e apoios dos seus semellantes nin das institucións e, polo tanto, é necesario establecer unha axuda social pública que poda cubrir situacións de necesidade.



Foi tan só no século XVIII cando a asistencia se concibe como un asunto político que debe ser centralizado e sistematizado para garantir o seu control. No século XIX é cando a cuestión social se consolida como un problema de Estado.

En España, por exemplo, este interese evidénciase coa promulgación dunha serie de medidas como os seguros de accidentes laborais, vellez, enfermidade, invalidez ou paro, que acaban derivando na actual noción de Seguridade Social.

Outro feito fundamental que marca a evolución do voluntariado no mundo presentase na segunda metade do século XIX (24 de xuño de 1859) en Solferino, ao Norte de Italia, onde se

libraba una batalla entre franceses e italianos contra os austríacos que ocupaban o país. Este enfrontamento causou en poucas horas corenta mil vítimas entre mortos e feridos. Os servizos sanitarios do exército eran insuficientes para atender aos combatentes lesionados, e os feridos morrían no abandono e a dor, situación presenciada polo cidadán suízo Henry Dunant, quen con axuda dos habitantes dalgunhas localidades veciñas atenderon ás vítimas sen ningún tipo de discriminación.

No ano 1862 Henry Dunant escribe un libro que titula *Meus recordos de Solferino*, que produzo un grande impacto na sociedade europea. Dunant non escatimou esforzos na busca dos medios necesarios para protexer aos seres humanos vítimas dos conflitos, xunto ao persoal capaz de asistilos. O seu plan era a fundación, en cada país, en tempos de paz, de sociedades de socorro capaces de axudar aos feridos en tempos de guerra. Catro cidadáns de Xenebra uníronselle para dinamizar e operativizar esta ambiciosa idea: o xeneral Guillaume-Henry Doufour; o avogado Gustavo Moynier e os doutores Luis Appia e Théodore Maunoir. O 17 de febreiro de 1863 en Xenebra, se funda o Comité Internacional de Socorro aos Feridos Militares, comunmente coñecido como "Comité dos Cinco", que máis tarde se convertería no Comité Internacional da Cruz Vermella.



Por eses anos, outro ámbito da participación social e voluntariado estase a espertar e cobrar vida; o voluntariado deportivo que, como fenómeno social, xorde a finais do Século XIX. O soño do barón Pierre de Coubertain de recuperar os Xogos Olímpicos da Grecia clásica fíxose realidade en 1896.

Dous anos antes, na Conferencia de París onde se sentaron as bases do Movemento Olímpico, Coubertain propuxo 1900 como principio dos Xogos e París como sede, para aproveitar a Exposición Universal que se celebraría na capital francesa con motivo da chegada do século XX.

O prazo de espera era demasiado longo. Nun primeiro momento, Coubertain descartou a posibilidade de restaurar os Xogos en Grecia, debido á crise económica que atravesaba o país helénico e ao rexeitamento do seu xefe de Goberno, Tricoupus, que consideraba excesivos os gastos de organización. Pero, finalmente, a exaltación patriótica alentada dende a oposición política, o apoio recibido da familia real grega, o aporte económico do financeiro grego George Aeroff, que doou un millón de dracmas, e a participación da cidadanía voluntaria, fixeron posible que o 6 de abril de 1896 os Xogos da Era Moderna arrancaran en Atenas.



Os factores socioeconómicos, pero sobre todo os factores políticos do período da posguerra nos anos corenta, deron orixe á implementación de novos modelos de desenvolvemento co propósito de reconstruír "economicamente" os países afectados pola destrución, para o cal se inxectaron recursos, co que se creou unha nova cultura proteccionista e solidaria cos máis desvalidos. Esa visión benfeitora trouxo consigo a aparición dun gran número de voluntarios afiliados a un sen número de organizacións non gobernamentais que velan pola protección dos dereitos humanos, o desenvolvemento das nacións e o coidado do medio ambiente. A consideración do novo voluntariado rompe o paradigma da beneficencia. As organizacións voluntarias contemporáneas establecen criterios de admisión nos seus programas, definen colectivos de referencia para a prestación

do servizo (poboacións desvalidas) así como perfiles de actuación (profesionais e non profesionais) en escenarios de intervención de diferente índole (saúde, educación, relixión, cultura, deporte, tecnoloxía, entre outros).

O desenvolvemento do voluntariado en España posúe algunhas características diferenciais con respecto aos países máis próximos á nosa contorna (Ruiz Olabuénaga, 2000).

Mentres que noutros países europeos, despois da Segunda Guerra Mundial, se desenvolve o Estado de Benestar, e se poñen en marcha diferentes grupos ou entidades que promoven proxectos de formacióne accións con voluntarios en distintos ámbitos (Casado e Guillén, 1986), como os anteriormente sinalados, durante o período da ditadura en España a participación das asociacións e do voluntariado, veuse máis restrinxida, por mor das distintas leis promulgadas polo Estado.



Un feito significativo para o asociacionismo sitúase na promulgación da *Ley de asociaciones* de 1964, en pleno proceso de desenvolvemento económico. O Estado asume funcións de asistencia social e crea servizos deste tipo na Administración Central e Periférica. As organizacións de carácter social vinculadas ao réxime político se van debilitando, pasando moitas delas á Administración do Estado. As organizacións vinculadas á Igrexa adáptanse aestes cambios. Ademais, xorden novas organizacións de carácter privado e sen ánimo de lucro, en defensa de intereses sociais, específicos e de grupo.

Ate os anos setenta, no Estado Español voluntariado tivo un carácter "reparador" pasando, dende ese tempo,a desempeñar a función de "amortecedor social". Durante a década citada, adoptoudiferentes formas: beneficencia, caridade, filantropía, asistencia, sendo ao mesmo tempo xeneroso, sen apenas preparación e impulsado dende diversas motivacións relixiosas e laicas. En moitas ocasións, incidindo máis sobre as consecuencias dos problemas que sobre as causas.

Por entonces viviuse unha eclosión no mundo asociativo. Aparecen asociacións de afectados e plataformas con certo carácter reivindicativo, aínda que discretas na súa maioría. Xorden interlocutores sociais e asociacións cidadás que son recoñecidas como válidas polo réxime, ao tempo que obteñen logros no plano social. Son tempos nos que se comeza a percibir a actividade social como participativa e á cidadanía como implicada na resolución de intereses e problemas que lle son propios.



A Constitución Española de 1978 marca un antes e un despois en todos os ámbitos e tamén no plano social. Inaugúrase un novo marco político desenvolvido a través do sistema democrático de economía de mercado que vai artellando o denominado Estado do Benestar.

Este marco político susténtase en determinados principios básicos, como a intervención do Estado na economía a través dun sistema fiscal redistributivo, a provisión duns servizos de protección social universais con independencia do nivel de renda (educación, sanidade, pensións, etc.) e a responsabilidade estatal no mantemento dun nivel mínimo de renda como un dereito social (Romero, 2002).

Os distintos axentes implicados no desenvolvemento destes principios teñen diversas funcións na configuración do Estado de Benestar:

- A administración pública ocupase da función universalizadora de garantías de recursos suficientes para un mínimo de calidade de vida e para todos os membros da sociedade.
- Algunhas necesidades e carencias atopan a súa resposta a través da función individualizadora que se explica polo xogo da oferta e a demanda, a través do mercado.
- Os grupos primarios e as organizacións non gubernamentais desenvolven unha función socializadora. E isto porque, a través desta función, dáselle canle á solidariedade social, ás redes informais, á cultura participativa e ao enriquecemento da armazón social.



Durante os anos oitenta foise desenvolvendo o proceso de configuración, e posterior readaptación, do chamado Estado do Benestar. Non cabe dubida que a sociedade civil participou nos cambios que se produciron, influíndo nos ámbitos económico, político, cultural e social, ben de modo organizado ou a través dos seus representantes, sobre todo nas entidades de carácter non gubernamental.

Nesta etapa, aparticipación cidadán expándese, ao tempo que se acrisola a acción social de organizacións e asociacións de todo tipo. Moitos líderes da acción voluntaria pasan á militancia política e sindical a raíz da apertura democrática. Aparecen novos movementos sociais, reivindicativos, cara á conquista de logros de carácter legal e dunha maior calidade de vida.

Pero, sen dubida, un feito significativo para o voluntariado nesta época é a promulgación das *Leyes Autonómicas de Servicios Sociales*, en desenvolvemento do artigo 148.20 da Constitución, que outorga a competencia de Servizos Sociais ás CC.AA. Dende 1982 a 1992 xorden estas leis autonómicas que contemplan no seu articulado o recoñecemento do voluntariado, como acción complementaria e fundamental na intervención dos servizos sociais e como apoio reivindicativo de dereitos e deberes.

As Leis de Servizos Sociais inclúen aspectos similares en referencia ao voluntariado:

- Inclúen unha definición de voluntariado,
- A maioría destaca os principios básicos do voluntariado (solidariedade, gratuidade, asociacionismo, participación, etc.),
- Xeralmente, sinalan os campos de actuación (ben dentro da área social, aquelas que só lexislan este aspecto, ben en xeral),
- Sinalan as características das entidades que poden dispor de voluntarios e establecen algúns requisitos (funcionamento interno, organización, etc.).
- Establecen un rexistro de asociacións e, nalgúns casos, de voluntarios,
- Delimitan as competencias da Administración en relación ao voluntariado.
- Algunhas establecen unha carta de dereitos e deberes dos voluntarios.
- Adoitan incluír medidas de fomento e apoio ao labor do voluntariado.

Da man do recoñecemento xurídico, durante a década dos anos oitenta xorden no noso contexto plataformas nacionais, provinciais, ou doutro alcance, de voluntariado e a representación das mesmas en organismos internacionais. Estas estruturas comezan a colaborar activamente no desenvolvemento da política social e ocupano papel protagonista que lles corresponde no marco da participación social.

6. Poderá rescindirse o Convenio, previa reunión da Comisión de Seguimento, cando exista incumprimento grave dunha das partes.

7. As cuestións xudiciais derivadas do Convenio Substanciaranse en vía Contencioso-Adsministrativa.

Santiago de Compostela, a

Pola USC Pola ASOCIACIÓN

Juan M. Viaño Rey

ANEXO 3.1

Universidade de Santiago - Vicerrectorado de Estudiantes
VOLUNTARIADO
USC

ANEXO 3.2


UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Vicerrectorado de Estudiantes
NOME:
APELIDOS:
CENTRO:
Voluntariado da Universidade de Santiago de Compostela
Oficina do Voluntariado da Universidade de Santiago de Compostela
Pásate á acción voluntaria
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Vicerrectorado de Estudiantes
Campus de Santiago

ANEXO 4.1


Curso de formación básica en voluntariado
(30 horas)
Segunda quincena de novembro
RECOÑECIDO CON 1 CRÉDITO DE LIBRE CONFIGURACIÓN
CAMPUS DE COMPOSTELA
Módulos comúns:
As dimensións da acción voluntaria.
Habilidades sociais.
Módulos específicos:
Voluntariado e discapacidade.
Voluntariado con enfermos mentais.
Voluntariado con persoas maiores.
Estratexias de traballo con menores.
Voluntariado no ámbito da saúde
Voluntariado en cooperación internacional
Dirixidos a estudiantes universitarios e persoas interesadas na acción voluntaria e a participación social.
Pásate á acción voluntaria
Non deixes pasa-lo teu turno
Vicerrectorado de Estudiantes
Universidade de Santiago de Compostela
2002/2003
USC
Aberto prazo de inscricción dende o día 10 de outubro ó 8 de novembro de 2002. Matrícula 30 euros*
Máis información:
Oficina do Voluntariado da Universidade de Santiago
Rúa Nova, 6
Tfno: 981 56 31 00 ext. 11099
*Ós estudiantes rexistrados na oficina do voluntariado que manteñan unha colaboracón durante o curso académico de alomenos 60 horas (2 horas semanais) seranlles reembolsados os gastos de matrícula.

ANEXO 4.2



# ANEXO 5

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
REXISTRO XERAL
26.NOV07 n5030

As *Normas de Xestión Académica*, en aplicación do establecido no Real Decreto 1497/87, recollen que para os efectos da realización da libre configuración curricular que establecen os planos de estudio, os alumnos poderán cursar as materias que para tales efectos se establezan, asistir a seminarios ou realizar as actividades que determine a universidade.

O Consello de Gobemo aprobou novas normas para o recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre configuración, feitas públicas por Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005.

Vista a proposta de recoñecemento do **"PROGRAMA NOVOS SERVIZOS AO ESTUDANTADO"** como créditos de libre configuración curricular e o informe da Comisión de Ordenación Académica e Profesorado de data 9 de novembro de 2007 este Reitorado adopta a seguinte

RESOLUCIÓN,

**PRIMEIRO.-** RECOÑECEMENTO DE ACTIVIDADES

Recoñécese as actividades do **"PROGRAMA NOVOS SERVIZOS AO ESTUDANTADO"**, organizadas pola Vicerreitoría da Comunidade Universitaria e Compromiso Social da USC, que se realizan durante o primeiro cuadrimestre do curso 2007/2008, que a continuación se relacionan e coa equivalencia de créditos que se establece:

- XORNADAS SOBRE PREVENCIÓN DE CONSUMO E AVALIACIÓN DO USO DO ALCOHOL, DROGAS E SAÚDE MENTAL NA COMUNIDADE UNIVERSITARIA (2007/229/01). Parte teónca — 1 cred.

- MEDIADORES INFORMATIVOS. SAÚDE MENTAL, AFECTIVO SEXUAL E HÁBITOS AXEITADOS DE CONSUMO (2007/229/01). Parte practica — 3 cred.

Para poder participar na parte práctica é condición indispensable ter participado con aproveitamento na xornada formativa.

**SEGUNDO.-** TITULACIONS ÁS QUE SE PODE IMPUTAR

Os créditos de libre configuración que recoñece a presente Resolución poderanse imputar a todos os alumnos da Universidade de Santiago de Compostela.

**TERCEIRO.-** RESPONSABLE ACADEMICO

Ós efectos do disposto na alínea 18 das Normas para o Recoñecemento de Actividades como Créditos de Libre Configuración (Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005), figurará como responsable académico universitario don Jose Manuel Mayan Santos profesor da Escola Universitaria de Enfermaría.

**CUARTO.-** CERTIFICACIÓN E INFORMACIÓN

Por pedimento dos interesados o responsable academico universitario da dita actividade expedirá unha certificación segundo modelo oficial para o recoñecemento, que ademais da data desta resolución pola que se autoriza o recoñecemento, deberá indicar o código da actividade que será **2007/229.**

# ANEXO 6

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
REXISTRO XERAL
31 OUT 08 05789

As *Normas de Xestión Académica*, en aplicación do establecido no Real Decreto 1497/87, recollen que para os efectos da realización da libre configuración curricular que establecen os planos de estudio, os alumnos poderán cursar as materias que para tales efectos se establezan, asistir a seminarios ou realizar as actividades que determine a universidade.

O Consello de Goberno aprobou novas normas para o recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre configuración, feitas públicas por Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005.

Vista a proposta de recoñecemento da actividade **"ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN SOCIAL"** como créditos de libre configuración curricular e o informe da Comisión de Ordenación Académica e Profesorado de data 22 de outubro de 2008 esta Reitoría adopta a seguinte

RESOLUCIÓN,

**PRIMEIRO.-** RECOÑECEMENTO DE ACTIVIDADES

Recoñécese a actividade **"ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN SOCIAL"**, organizada polo Servizo de Participación e Integración Universitaria da USC, que se vai realizar entre novembro de 2008 e xuño de 2009 e **sucesivas edicións** que se realicen sen variar os contidos, para ser imputada como créditos de libre configuración curricular, cunha equivalencia de **4 créditos.**

**SEGUNDO.-** TITULACIÓNS ÁS QUE SE PODE IMPUTAR

Os créditos de libre configuración que recoñece a presente Resolución poderanse imputar a todos os alumnos da Universidade de Santiago de Compostela.

**TERCEIRO.-** RESPONSABLE ACADÉMICO

Ós efectos do disposto na allnea 15 das Normas para o Recoñecemento de Actividades como Créditos de Libre Configuración (Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005), figurará como responsable académico universitario don José Manuel Mayán Santos, Vicerreitor da Comunidade Universitaria e Compromiso Social e don Javier Fernández Agrafojo, Coordinador do Servizo de Participación e Integración Universitaria.

**CUARTO.-** CERTIFICACIÓN E INFORMACIÓN

Por pedimento dos interesados o responsable académico universitario da dita actividade expedirá unha certificación segundo modelo oficial para o recoñecemento, que ademais da data desta resolución pola que se autoriza o recoñecemento, deberá indicar o código da actividade que será **2008/182.**

Para os efectos de información os alumnos deben dirixirse ao Servizo de Participación e Integración Universitaria, r/ Casas Reais 8. Telf.: 981 563 100, ext. 12858/12859.

**QUINTO.-**RECOÑECEMENTO.

Para o recoñecemento de créditos os alumnos presentarán o certificado na unidade de xestión académica onde se lles expedirá, á vista do documento, o impreso de liquidación de prezos públicos. Aboados os prezos públicos o recoñecemento farase de plano e sen máis trámite.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2008
O REITOR
(P.d.r. do 31 de xullo de 2007)
VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

Máximo Pío Casasús

SRA SECRETARIA XERAL - SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR - SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS – SR/A XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR/A OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS.

# ANEXO 7

**PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS AO ABEIRO DO ARTIGO 12.8 DO REAL DECRETO 1393/2007, DO 29 DE OUTUBRO, E DAS LIÑAS XERAIS DA USC PARA A ELABORACIÓN DAS NOVAS TITULACIÓNS**

*Aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 4 de xullo de 2008*

O Real Decreto 1393/2007, no seu artigo 12.8, establece que "*De acordo con artigo 46.2.i.) da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro de universidades, os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación até un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursados*".

Para estes efectos procede recoñecer as competencias adquiridas polo alumnado en actividades universitarias, solidarias e de cooperación recoñecidas pola USC conforme os seguintes criterios e procedemento.

**Artigo 1.- Competencias universitarias**

Se recoñecerán para as titulacións de Grao as competencias adquiridas polo alumnado pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación até un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursados.



Os créditos que se recoñecerán conforme as actividades realizadas, serán para o curso 2008-09, os que figuran no Anexo I deste Acordo. O contido deste anexo poderase modificar por Resolución Reitoral.

O recoñecemento será efectivo unha vez que se acredite a súa realización e sempre que os alumnos e alumnas realicen un programa de formación que se fixará por Resolución Reitoral.

Soamente se recoñecerán actividades desenvolvidas durante o tempo en que o solicitante foi estudante universitario.

O recoñecemento das novas actividades só será efectivo unha vez se aproben mediante Resolución Reitoral.

**Artigo 2.- Procedemento de imputación**

O procedemento de imputación tramitarase do seguinte xeito:

a) Solicitude do interesado/a perante os órganos correspondentes que se indican no anexo, indicando os datos de realización das actividades a recoñecer

b) Acreditación polo órgano responsable, expedición de credencial e remisión á Unidade de Xestión correspondente

c) Abono das taxas correspondentes por parte do alumno/a

d) Imputación no expediente do alumno/a

**Artigo 3.-.Competencias lingüísticas**

De conformidade coas liñas xerais da USC para as novas titulacións de Grao, o alumnado deberá acreditar competencias transversais, entre elas as competencias lingüísticas. Para o recoñecemento e imputación destas competencias estarase ao disposto no Anexo II desta Resolución. O contido deste anexo poderase modificar por Resolución Reitoral.

O procedemento de imputación será o establecido no artigo anterior.

**ANEXO I**

**REPRESENTACIÓN ESTUDIANTIL**

1.- A representación estudantil poderá dar lugar a imputación de créditos sempre que se realice efectivamente e fose designado como

- Representante do alumnado no Claustro/ Consello de Goberno
- Representante do alumnado en Departamentos/Institutos/Xunta de Centro
- Exerza Cargos académicos

2.- O número de créditos que se poden recoñecer dependerá do período de exercicio da representación, a razón de 1,5 créditos por ano.

3.- Para estes efectos os interesados/as solicitarán o recoñecemento perante a Secretaría Xeral indicando as datas de nomeamento e cese. A Secretaría Xeral ou a Secretaría do órgano que corresponda acreditará a realización efectiva da representación ou do cargo para o que foi nomeado e procederá a expedir a correspondente credencial.

**ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

Os estudantes da USC poderán cursar créditos a través dos programas que se detallan a continuación:

**1.- ESCOLAS DEPORTIVAS DA USC**

Aos alumnos e alumnas que participen nas escolas deportivas da USC e asistan durante todo o ano a clases dirixidas por persoal cualificado e reciben un proceso formativo cunha programación estruturada e que pode ser avaliable se lles outorgará un 1 crédito por cada 25 horas de duración.

**2.- DINAMIZADORES/AS DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS EN ESCOLAS E FACULTADES**

Ás alumnas e alumnos de Escolas e Facultades que desenvolvan labores de dinamización das actividades físico-deportivas promovidas desde a Vicerreitoría de Cultura coordinando en cada centro a difusión da información sobre os distintos programas e accións que esta leve a cabo realizando unha memoria final das actividades desenvolvidas se lles outorgará 3 créditos anuais.



**3.- DEPORTISTAS DE RENDEMENTO DA USC**

Os deportistas de alto rendemento da USC polo proceso de formación, avaliación e representación nas competicións que se indican obterán os seguintes créditos:

- Xogos Olímpicos e Campionatos do Mundo Universitarios ou federados, 6 créditos
- Campionatos de Europa federados, 5 créditos,
- Campionatos de España Universitarios e federados, 3 créditos
- Xogos Galaico-Durienses, 1 crédito
- Campionatos de Galicia (por selección), 1 crédito

Os interesados/as solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría de Cultura indicando a actividade e o período. Acreditada a participación efectiva, procederase a expedición da credencial correspondente asinada polo vicerreitor.

**ACTIVIDADES CULTURAIS**

Os estudantes da USC poderán cursar créditos a través dos programas que se detallan a continuación:

**1.- COMPAÑÍAS DA AULA DE TEATRO**

Aos alumnos e alumnas que integren as Compañías da Aula Teatro da USC e dediquen como mínimo 150 horas cada curso académico a esta actividade se lles outorgarán 6 créditos pola participación de forma regular durante o curso académico.

**2.- CORO UNIVERSITARIO**

Aos alumnos e alumnas que integren o Coro Universitario e dediquen como mínimo 100 horas cada curso académico se lles concederán 4 créditos pola participación de forma regular durante o curso académico.

**3.- ESPAZO DE DANZA**

Aos alumnos e alumnas que integran o Espazo de Danza e dediquen como mínimo 50 horas cada curso académico a esta actividade se lles concederán 2 créditos pola participación de forma regular durante o curso académico.



**4.- CURSOS DE TEATRO, DANZA E FOTOGRAFÍA**

Ao alumnado que realice Programas formativos relacionados coa arte dramática, coa danza e coa fotografía de distintas duracións e contidos se lles concederá un 1 crédito por cada 25 horas de duración.

**5.- CURSOS DE VERÁN E OUTRAS ACTIVIDADES ESTIVAIS DE EXTENSIÓN CULTURAL**

Ao alumnado que realice estes Cursos se lle concederán 2 créditos por cada curso de 25 ou máis horas lectivas e 1 crédito polas actividades de menos de 25 horas.

**6.- AGRUPACIÓNS DE ESTUDANTES QUE DESENVOLVEN ACTIVIDADES MUSICAIS, ESCÉNICAS E OUTRAS DE CARÁCTER CULTURAL**

Ao estudantado con participación en colectivos e agrupacións de estudantes que desenvolvan actividades musicais, escénicas e outras de carácter cultural que, segundo o criterio da Vicerreitoría, realicen unha actividade regular e continuada durante o curso académico se lle concederá ata un máximo de 2 créditos.

Os interesados/as solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría de Cultura indicando a actividade e o período. Acreditada a participación efectiva, procederase á expedición da credencial correspondente asinada polo Vicerreitor.

**ACTIVIDADES SOLIDARIAS E DE COOPERACIÓN**

1.- A participación en actividades solidarias e de cooperación poderá dar lugar a imputación de créditos sempre que se realice a través das seguintes canles

- Formar parte do Rexistro de Persoal Voluntario da USC, dependente da Vicerreitoría da Comunidade Universitaria e Compromiso Social.
- Ter colaborado nalgún proxecto de carácter interno organizado pola propia USC e destinado a favorecer a solidariedade e a cooperación como poden ser o programa titores, as bolsas de sostibilidade, o programa de mediadores informativos nos centros ou calquera outro de natureza análoga desenvolvido pola USC.
- Participar nos proxectos de carácter social e cooperación ao desenvolvemento coordinados polo Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), dependente da Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social.
- Ter colaborado en proxectos desta natureza coordinados pola universidade de procedencia.
- Participar nalgún dos proxectos das entidades de iniciativa social coas que a USC ten asinado convenio de colaboración ou con calquera outra legalmente constituída.



O número de créditos que se poden recoñecer será de ate un máximo de tres créditos anuais. Soamente se poderán imputar un máximo de seis créditos polas colaboracións neste tipo de actividades.

2.- Establécese o recoñecemento, a razón de tres créditos anuais, dos seguintes programas:

- Programa Titores
- Bolseiros de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria
- Mediadores Informativos nos centros
- Programa de Acompañamento de Estudantes (PAE)

3.-O procedemento de imputación tramitarase a solicitude do interesado perante o Servizo de Participación e Integración Universitaria (Programa Titores, Mediadores Informativos nos centros e Bolseiros de Participación e Integración Universitaria), a Vicerreitoría de Calidade e Planificación (Bolseiros de Sostibilidade) e a Oficina de Relacións Exteriores (PAE), indicando os datos de realización das actividades a recoñecer. Trala presentación da documentación correspondente expediráse unha credencial.

4.- Será competencia da Vicerreitoría da Comunidade Universitaria e Compromiso Social, da Vicerreitoría de Calidade e Planificación e da Vicerreitoría de Relacións Institucionais, respectivamente, a acreditación da realización destas actividades.

**ANEXO II**

**ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DE LINGUA ESTRANXEIRA PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRAO NA USC**

1. Os estudantes de todas as titulacións de Grao deberán acreditar obrigatoriamente, para a obtención do seu título, o coñecemento do nivel B1 (Marco Común Europeo para o ensino, aprendizaxe e avaliación das linguas, **Nivel soleira**) dunha lingua estranxeira.
2. Os alumnos e alumnas estranxeiros deberán acreditar o coñecemento dunha lingua diferente á súa lingua materna.
3. Os alumnos e alumnas que finalicen un grao que inclúa un *major* ou *minor* dunha lingua estranxeira terán automaticamente validado este coñecemento, non sendo necesario acreditalo.
4. A acreditación do nivel B1 dunha lingua estranxeira poderase facer por calquera dos seguintes procedementos:



**a.- Proba de nivel.** O Centro de Linguas Modernas convocará todos os anos na convocatoria de Xuño probas libres e gratuítas das linguas que oferta regularmente. A cualificación das devanditas probas será a de *apto* ou *non apto*.

b.- Quedarán eximidos da realización destas probas os alumnos e alumnas que acrediten ter o nivel B1, de acordo co establecido no Marco Común Europeo de Referencia. Isto pódese concretar en cursos e certificacións como segue:

**Inglés**

| |
|---|
| CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 5 ou superior |
| EOI (Escola Oficial de Idiomas): Nivel 4 ou superior |
| Diploma PET (Preliminary English Test) |
| Diploma FCE (First Certificate in English) |
| Diploma CAE (Certificate in Advanced English) |
| Diploma CEP (Certificate of English Proficiency) |
| TOEFL PBT: 457 puntos ou superior |
| TOEFL CBT: 137 puntos ou superior |
| IBT TOEFL: 57 puntos ou superior |
| TOEIC: 550 puntos ou superior . |

**Francés**

| |
|---|
| CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 5 ou superior<br>EOI (Escola Oficial de Idiomas): Nivel 4 ou superior<br>Diploma DELF B1 (Diplôme d'Études en Langue Française)<br>Diploma DELF B2 (Diplôme d'Études en Langue Française)<br>Diploma DALF C1 (Diplôme Approfondi de Langue Française)<br>Diploma DALF C2 (Diplôme Approfondi de Langue Française) |

**Alemán**

| |
|---|
| CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 4 ou superior<br>EOI (Escola Oficial de Idiomas): Nivel 4 ou superior<br>Diploma ZD (*Zertifikat Deutsch*)<br>Diploma Goethe-Zertifikat B2<br>Diploma Goethe-Zertifikat C1 (=antigo ZMP/*Zentrale Mittelstufenprüfung*)<br>Diploma ZOP (*Zentrale Oberstufenprüfung*)<br>Diploma KDS (*Kleines Deutsches Sprachdiplom*). |



**Italiano**

| |
|---|
| CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 2 ou superior<br>EOI (Escola Oficial de Idiomas): Nivel 4 ou superior<br>Diploma CELI 2 (Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana Livello 2) e superiores<br>Diploma CILS 1 e superiores |

**Portugués**

| |
|---|
| CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 2 ou superior<br><br>EOI (Escola Oficial de Idiomas): Nivel 4 ou superior<br>DEPLE (Diploma Elemental de Português Língua Estrangeira)<br>DIPLE (Diploma Intermédio de Português Língua Estrangeira)<br>DAPLE (Diploma Avançado de Português Língua Estrangeira)<br>DUPLE (Diploma Universitário de Português Língua Estrangeira) |

5. Os alumnos e alumnas que acrediten o nivel B2 de acordo co establecido no Marco Común Europeo de Referencia obterán 3 créditos adicionais. Esta acreditación poderase facer por calquera dos procedementos seguintes:

**Proba de nivel**. O Centro de Linguas Modernas convocará todos os anos na convocatoria de xuño probas libres e gratuítas das linguas que oferta regularmente. A cualificación outorgada será a de *apto* ou *non apto*.

Quedarán eximidos da realización destas probas os alumnos e alumnas que acrediten ter o nivel B2, de acordo co establecido no Marco Común Europeo de Referencia. Isto pódese concretar en cursos e certificación como segue:

**Inglés**

| |
|---|
| CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 6 ou superior<br>EOI (Escola Oficial de Idiomas): Nivel 5 ou superior<br>Diploma FCE (First Certificate in English)<br>Diploma CAE (Certificate in Advanced English)<br>Diploma CEP (Certificate of English Proficiency)<br>TOEFL PBT: 502 puntos ou superior<br>TOEFL CBT : 178 puntos ou superior<br>IBT TOEFL: 87 puntos ou superior<br>TOEIC: 750 puntos ou superior . |

**Francés**

| |
|---|
| CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 6 ou superior<br>EOI (Escola Oficial de Idiomas): Nivel 5 ou superior<br>Diploma DELF B2 (Diplôme d'Études en Langue Française)<br>Diploma DALF C1 (Diplôme Approfondi de Langue Française)<br>Diploma DALF C2 (Diplôme Approfondi de Langue Française) |

**Alemán**

| |
|---|
| CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 6 ou superior<br>EOI (Escola Oficial de Idiomas): Nivel 6<br>Diploma Goethe-Zertifikat B2<br>Diploma Goethe-Zertifikat C1 (=antigo ZMP/*Zentrale Mittelstufenprüfung*)<br>Diploma ZOP (*Zentrale Oberstufenprüfung*)<br>Diploma KDS (*Kleines Deutsches Sprachdiplom*). |

**Italiano**

| |
|---|
| CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 3 ou superior<br>EOI (Escola Oficial de Idiomas): Nivel 4 ou superior<br>Diploma CELI 3(Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana Livello 3) e superiores<br>Diploma CILS 2 e superiores |

**Portugués**

| |
|---|
| CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): Nivel 3 ou superior<br>EOI (Escola Oficial de Idiomas): Nivel 4 ou superior<br>DIPLE (Diploma Intermédio de Português Língua Estrangeira)<br>DAPLE (Diploma Avançado de Português Língua Estrangeira)<br>DUPLE (Diploma Universitário de Português Língua Estrangeira |



6. O Centro de Linguas Modernas reforzará dentro da súa actividade regular os cursos (presenciais e semipresenciais) das distintas linguas estranxeiras orientados á obtención dos niveis B1 e B2.
7. O Centro de Linguas Modernas será o servizo responsable dentro da Universidade do deseño, organización, aplicación e corrección destas probas.
8. Ao alumnado que procede de lugares situados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e que non accedera á USC dende centros de bacharelato da devandita Comunidade lle serán recoñecidos 3 créditos adicionais se acreditan o nivel B 1, de acordo co establecido no Marco Común Europeo de referencia das linguas. A estes efectos, o Servizo de Normalización Lingüística establecerá todos os anos unha proba de nivel libre e gratuíta. Ao alumando se lle cualificará de apto ou non apto.

# ANEXO 8

**ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO SOBRE RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS NOS ESTUDOS DE GRAO AO ABEIRO DO ARTIGO 12.8 DO REAL DECRETO 1393/2007**

**(Acordo do Consello de Goberno celebrado o 31 de outubro de 2013)**

A regulación do recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007 está recollida nun número importante de normas, o que fai moi difícil a súa consulta e correcta aplicación. Nestas normas mestúrase a regulación do recoñecemento de créditos coa propia regulación da actividade a recoñecer é, incluso, coas normas respecto á obrigatoriedade de acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de grao, o que dificulta máis a súa consulta.

Por outra banda, a organización e o modelo de programación dalgunha destas actividades, pola súa propia natureza, varía dun curso a outro, polo que incluír as normas de organización das actividades nunha disposición moi ríxida dificulta o funcionamento da universidade.

Ademais, conforme ás Liñas xerais do Claustro, estaban sen regular as competencias informáticas, que nesta norma se integran coas informacionais para que o alumnado poida obter a acreditación CI2 conforme ao establecido nas orientacións da CRUE.

Regúlanse as competencias transversais en materia de lingua galega que tamén estaban pendentes de incluír nos recoñecementos de competencias, tanto para as persoas de fóra da Comunidade Autónoma como aquelas actividades da USC susceptibles de seren recoñecidas por este concepto.

Por último é preciso fixar algúns aspectos que aínda suscitan dubidas, por isto considérase oportuno a refundición e simplificación dos textos dispersos.

Verbo de todo o anterior o Consello de Goberno, na súa sesión do 31 de outubro de 2013, adoptou o seguinte

**A C O R D O**

**PRIMEIRO.- NORMAS COMÚNS**

**1.1.-** Recoñeceranse créditos nos estudos de grao polas competencias adquiridas mediante a participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de

cooperación até un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos, consonte as disposicións contidas neste acordo.

A petición do alumno, as actividades acreditadas por encima deste límite poderán figurar no expediente polo procedemento de transferencia de créditos.

**1.2.**- Ademais das incluídas neste acordo, mediante resolución reitoral poderanse determinar outras actividades para seren recoñecidas como créditos nas titulacións de grao. Como criterio xeral, para que poida ditarse resolución de recoñecemento de créditos por outras actividades, o contido da actividade debe axustarse ao disposto no artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007 e existir un proceso formativo cunha programación estruturada, que os alumnos teñan seguimento por parte dos responsables da actividade, e que poida ser avaliable.

Estas resolucións de recoñecemento elevaranse á COAP para que emita informe.

**1.2.1.**- O recoñecemento das novas actividades só será efectivo unha vez se aproben mediante resolución reitoral.

**1.2.2.**- O recoñecemento de créditos deberá figurar na convocatoria da actividade, así como os requisitos e condicións para a súa obtención.



**1.2.3.**- O recoñecemento manterase en cursos sucesivos en tanto se manteña a actividade e as condicións básicas polas que foi aprobada.

**1.3.**- Soamente se recoñecerán créditos a un estudante por actividades desenvolvidas durante o tempo en que o solicitante estivo matriculado nos estudos de grao correspondentes.

**1.4.**- Para o recoñecemento de créditos por estas actividades os interesados deberán achegar, perante a Unidade de Xestión Académica correspondente, acreditación das actividades realizadas e aboar os prezos públicos que correspondan en concepto de recoñecemento ou transferencia de créditos.

Exceptúanse da obriga de pagamento para o seu recoñecemento as probas de competencia lingüística (PCL) organizadas polo CLM, os cursos organizados para a obtención de competencias informáticas e informacionais trasversais, así como aqueloutros nos que os prezos polo recoñecemento se inclúan nos prezos de matrícula e así o estableza a convocatoria.

**1.5.**- Os modelos de acreditación de actividades para o recoñecemento serán aprobados pola Secretaría Xeral. Nas actividades organizadas pola USC a credencial será expedida pola vicerreitoría a quen

corresponda a supervisión ou, de ser o caso, pola Secretaría Xeral da Universidade, a través do servizo da USC correspondente.

**SEGUNDO.- ACTIVIDADES DE REPRESENTACIÓN ESTUDIANTIL**

**2.1.**- Poderá ser recoñecida como créditos no expediente do alumnado a realización efectiva de actividades de representación estudantil durante o período no que estivera designado.

| Actividade que se recoñece | Recoñecemento |
|---|---|
| Representante do alumnado no Claustro, Consello de Goberno, Consello do Departamentos, Institutos, Xunta de Centro ou exercicio de cargos académicos. | Ata **1,5 ECTS** por ano completo |

**2.2.**- Se o estudante desempeña esta actividade en cargos representativos durante períodos distintos, o tempo poderá ser considerado de forma conxunta para os efectos de recoñecemento.

Se o estudante desempeña máis dun cargo simultaneamente poderá recoñecérselle ata un máximo de **2 ECTS**.

**2.3.** A salvo do disposto na norma 2.2. respecto da consideración conxunta de varios períodos, non se recoñecerán fraccións de tempo inferiores ao ano. En todo caso deberá acreditarse a participación efectiva nos órganos colexiados.

**2.4.**- Os interesados/as solicitarán a credencial perante a Secretaría Xeral indicando as datas de nomeamento e cesamento.

**TERCEIRO.- ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS**

**3.1.**- A actividade físico-deportiva do estudante, supervisada polo Servizo de Deportes da Universidade, poderá ser recoñecida como créditos nas titulacións de grao.

| Actividade que se recoñece | Recoñecemento |
|---|---|
| Escolas físico-deportivas | **1-4 ECTS** por actividade en cada curso académico. |
| **Competición** | **4 ECTS** pola participación en 1 competición oficial, universitaria ou federada, de ámbito internacional.<br>**2 ECTS** pola participación en 1 competición oficial, universitaria ou federada, de ámbito nacional.<br>**1 ECTS** pola participación noutras competicións autorizadas pola |

| | |
|---|---|
| | vicerreitoría correspondente. |
| Dinamizadores de actividades físico-deportivas da USC | **3 ECTS** por curso académico. |
| Deportistas de alto nivel da USC | **6 ECTS** por curso académico no que manteñan o estatus. |

**3.2.**- O Servizo de Deportes da USC poderá propoñer á vicerreitoría responsable o recoñecemento doutras actividades deportivas.

**3.3.**- O recoñecemento dun alumno na categoría de Deportistas de Alto Nivel da USC farase consonte a súa norma específica.

**3.4.**- O recoñecemento de cada actividade é independente, de xeito que o alumno poderá solicitar o recoñecendo de máis dunha, ata o máximo permitido de 6 ECTS.

**3.5.**- A acreditación emitida pola vicerritoría a través do Servizo de Deportes poderá ser individual por cada actividade ou conxunta para varias delas, especificando os créditos asignados a cada unha das actividades que recolla. Neste último caso, se os créditos superan o máximo permitido, as actividades que rebasen o límite poderán figurar no expediente do estudante polo procedemento de transferencia.



**CUARTO.- ACTIVIDADES DA ÁREA DE CULTURA**

**4.1.**- As actividades e programas na Área de Cultura recollidos nesta norma poderán dar lugar ao recoñecemento de créditos nas titulacións de grao.

| **Actividade que se recoñece** | **Recoñecemento** |
|---|---|
| Aula de Teatro | **6 ECTS** aos integrantes que acrediten una dedicación de, como mínimo, 150 horas |
| Coro universitario e Espazo de Cámara | **4 ECTS** aos integrantes por 100 horas de dedicación nun curso. |
| Espazo de Danza | **2 ECTS** aos integrantes por cada 50 horas de dedicación nun curso. |
| Cursos de Teatro, Danza e Fotografía | **1 ECTS** por cada 25 horas de duración do curso superado |
| Dinamizadores de actividades socio-culturais | **3 ECTS** anuais polo desenvolvemento de labores de dinamización das actividades socioculturais promovidas desde a vicerreitoría con competencias e sempre que realicen unha memoria final das actividades desenvolvidas |
| Cursos de Verán das | **1 ECTS** polos cursos de verán da USC de |

| | |
|---|---|
| Universidades Públicas | menos de 25 horas.<br>**2 ECTS** por cada curso de 25 ou máis horas lectivas das universidades públicas en réxime de reciprocidade |
| Outras actividades culturais | **1 ECTS** por cada 25 horas pola asistencia e participación en actividades musicais, escénicas e outras de carácter cultural promovidas ou autorizadas pola vicerreitoría competente en materia de cultura.<br>Nunha actividade o recoñecemento máximo será de 2 ECTS. |

**4.2.-** Corresponde a vicerreitoría competente en materia de cultura propoñer á COAP as actividades recoñecibles e o número de créditos que se recoñecerán por cada actividade. Por resolución reitoral estableceranse as actividades recoñecibles. Esta resolución deberá ditarse e facerse pública con anterioridade á súa celebración e deberá ser comunicada á Secretaría Xeral a través do Servizo de Xestión Académica.

**QUINTO.- ACTIVIDADES SOLIDARIAS E DE COOPERACIÓN**

**5.1.-** As actividades organizadas e supervisadas polo Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) que se detallan, poderán dar lugar ao recoñecemento de créditos nas titulacións de grao.



| **Actividade que se recoñece** | **Recoñecemento** |
|---|---|
| Actividades de Participación Social e Campus Virtual | **1 ECTS** por cada 25 horas de participación. Para todas aquelas persoas que teñan superado o Curso de Formación Básica en Voluntariado na modalidade presencial ou en liña. |
| Actividades de sensibilización e formación organizadas pola vicerreitoría con competencias en materia de estudantes | **1 ECTS** por cada 25 horas de participación. |
| Bolsas de sostibilidade, participación e integración universitaria | **3 ECTS** por curso como bolseiro se se cumprira, polo menos, un 70% das tarefas asociadas á |

| | |
|---|---|
| | bolsa. |
| Programa de titores | **6 ECTS** pola realización íntegra do programa |

**5.2.-** A vicerreitoría con competencias na materia fará o seguimento a través do Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) das actividades realizadas e emitirá a certificacións para o recoñecemento cando se reúnan os requisitos necesarios.

**5.3.-** Non procederá recoñecemento de créditos ata acadar o mínimo de 25 horas de actividade, nin as actividades que non foran convocadas ou supervisadas pola vicerreitoría con competencia na materia.

**SEXTO.- CURSO DE COMPETENCIAS INFORMÁTICAS E INFORMACIONAIS DA USC**

**6.1.-** Poderán recoñecerse créditos nas titulacións de grao pola adquisición de competencias informáticas e informacionais transversais a través dos cursos que estableza a Universidade e que acreditarán as competencias CI2.



| Actividade que se recoñece | Recoñecemento |
|---|---|
| Curso de Nivel Básico | **1 ECTS** por cada 25 horas |
| Curso de Nivel Medio | **1 ECTS** por cada 25 horas |
| Curso de Nivel Avanzado | **1 ECTS** por cada 25 horas |

**6.2.-** Poderán recoñecerse os tres cursos. Os programas dos cursos aprobaranse por resolución reitoral co informe previo da COAP, a proposta da Biblioteca Universitaria (BUSC) e da ATIC.

**6.3.-** A acreditación da superación desta actividade farase a través da acta asinada polos responsables dos cursos.

**SEPTIMO.- COMPETENCIAS TRANSVERSAIS EN GALEGO**

7.1.- Para os estudantes procedentes doutra Comunidade Autónoma que non completaron os seus estudos preuniversitarios en Galicia

| Actividade que se recoñece | Recoñecemento |
|---|---|
| Celga 1 (A2) | **3 ECTS** |
| Celga 2 (B1) | **4 ECTS** |

| | |
|---|---|
| Celga 3 (B2) ou superiores | **5 ECTS** |

**7.2.**- Para todos os estudantes da USC

| Actividade que se recoñece | Recoñecemento |
|---|---|
| Cursos de 25-30 horas organizados polo SNL | **1 ECTS** |

Corresponde á Secretaría Xeral ou vicerreitoría competente en materia de Normalización Lingüística, previo informe do SNL, propoñer á COAP as actividades recoñecibles, e que serán aprobadas por resolución reitoral. Esta resolución deberá ditarse e facerse pública con anterioridade á súa celebración e deberá ser comunicada ao Servizo de Xestión Académica.

**OITAVO.- COÑECEMENTO DE IDIOMAS**

**8.1.-** As competencias lingüísticas acadadas polo estudante e distintas ao mínimo obrigatorio para a obtención do título de grao serán recoñecibles de conformidade ao disposto neste acordo.

| Actividade que se recoñece | Recoñecemento |
|---|---|
| Nivel B1 da segunda e demais linguas estranxeiras distintas á obrigatoria | **3ECTS** por acreditación por cada nivel B1 acreditado |
| Niveis superior ao B1 da lingua estranxeira obrigatoria e doutras | **4 ECTS** por acreditación do nivel B2<br>**5 ECTS** por acreditación do nivel C1<br>**6 ECTS** por acreditación do nivel C2 |
| Cursos de idiomas do CLM noutras linguas distintas á recoñecida como obrigatoria | **1 ECTS** por cada 25 horas ata un máximo de 6 ECTS |

**8.2.-** As competencias lingüísticas acreditaranse pola superación das Probas de acreditación ou de competencia lingüística compostas polas probas B1-A e B1-B do Centro de Linguas Modernas ou por calquera dos documentos recollidos na web do CLM, conforme ao acordo do Consello de Goberno sobre Acreditación do Coñecemento de Lingua Estranxeira para a Obtención do Título de Grao e Recoñecemento dos Niveis de Coñecemento de Idioma.

**8.3.-** A superación das Probas de acreditación ou de competencia lingüística compostas polas probas B1-A e B1-B organizadas polo CLM acreditaranse polo procedemento de actas establecido e dará lugar a imputación directa no expediente do alumno.

**8.4.-** Sempre que sexan do mesmo idioma e distinto nivel, os títulos de nivel superior dun idioma subsumirán aos títulos inferiores do mesmo, polo que non será posible recoñecer un título inferior cando se recoñeceu o título superior. Do mesmo xeito, de acreditar un nivel superior só se terá dereito á diferenza de créditos cos recoñecidos polo nivel que figure xa no expediente.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.-**

A regulación das actividades recoñecibles na data de aprobación deste acordo manterán a súa vixencia en tanto non se cambie a programación e as características fundamentais por medio de resolución reitoral.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.-**



Os novos recoñecementos terán efectividade dende a data de publicación do presente acordo no taboleiro electrónico da USC.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA.-**

A partir da entrada en vigor deste acordo quedan sen efecto todas as normas que se opoñan ao disposto nel e, especificamente, as normas contidas nas seguintes disposicións:

- Resolución Reitoral do 26 de febreiro de 2013, de Modificación dos anexos I e II da Resolución Reitoral de 1 de febreiro de 2012 pola que se aproba o texto refundido sobre Recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007.
- Resolución Reitoral do 1 de febreiro de 2012, Texto refundido sobre recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 123.8 do R.D. 1393/2007.
- Acordo do Consello de Goberno do 22 de decembro de 2011 de Modificación do acordo de recoñecemento de créditos pola participación en actividades ao abeiro do artigo 12.8 do R.D. 1393/2007.
- Resolución Reitoral do 12 de xullo de 2010 de Procedemento para a convocatoria e imputación dos cursos que a USC recoñecerá como competencias transversais informacionais nos estudos de Grao.

- Resolución Reitoral do 14 de decembro de 2009 que modifica o Anexo I do ACG do 4 de xullo de 2008 sobre recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1293/2007.
- Resolución Reitoral do 5 de maio de 2009, sobre procedemento para o recoñecemento de créditos de actividades reguladas no art. 12.8 RD 1393/2007 e competencias lingüísticas para as ensinanzas de Grao.
- Acordo do Consello de Goberno do 4 de xullo de 2008, de Recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do RD 1393/2007, e das liñas xerais da USC para a elaboración das novas titulacións (Graos).

# ANEXO 9

**ANEXO**

**SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DE ACTIVIDADES COMO CRÉDITOS OPTATIVOS ECTS**

| |
|---|
| **NOME DA ACTIVIDADE**[i]<br><br>**CURSO DE FORMACIÓN DE VOLUNTARIADO EN SAÚDE MENTAL** |
| **ORGANIZADA POR**[ii]<br>**Servizo de Participación e Integración Universitaria**<br>**Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Metal** |
| **NOME DO RESPONSABLE ACADÉMICO E FACULTADE OU ESCOLA A QUE PERTENCE**[iii]<br>**María Dolores Álvarez Pérez. Vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social.**<br>**Javier Agrafojo Fernández. Coordinador do Servizo de Participación e Integración Universitaria.** |
| **ENDEREZO E TELÉFONO A ONDE SE PODEN DIRIXIR OS ALUMNOS PARA SOLICITAR INFORMACIÓN**[iv]<br>**Servizo de Participación e Integración Universitaria. Casas Reais,8. 881812858 / 12859. sepiu.santiago@usc.es** |
| **DESCRICIÓN BREVE DA ACTIVIDADE**<br>**O curso pretende facer un achegamento ás distintas áreas de traballo no ámbito da saúde mental nas que a participación de persoas voluntarias pode ser un elemento de reforzo moi positivo** |

| | |
|---|---|
| **DURACIÓN EN HORAS**[v]<br>**24** | **DATA DE REALIZACIÓN**<br>**22, 23 de febreiro e 1 e 2 de marzo** |

| | |
|---|---|
| **Nº MÁXIMO DE ALUMNOS QUE PODEN INSCRIBIRSE**<br>**Segundo aforo** | **CUSTO DA INSCRICIÓN**<br>**40 €** |

| |
|---|
| **MÉTODO DE SEGUIMENTO E CONTROL**<br>**Control de asistencia mediante a TUI** |
| **MÉTODO DE SELECCIÓN**<br>**Por estrita orde de inscrición** |

| |
|---|
| **CENTROS OU TITULACIÓNS PARA OS QUE SE SOLICITA O RECOÑECEMENTO**[vi]<br><br>**Todas as titulacións** |

**IGUAL OU SIMILAR CONTIDO DE EDICIÓNS ANTERIORES**[vii]**: SI ☐ NON ☐**

**DATA E SINATURA DO RESPONSABLE ACADÉMICO**

# ANEXO 10

**PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO CON CRÉDITOS OPTATIVOS ECTS**

Dª María Dolores Álvarez Pérez, Vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social propón para o seu recoñecemento con créditos de libre configuración a seguinte actividade:

- Curso de Formación en Voluntariado de Saúde Mental 21, 22, 28 e 29 de marzo de 2014. Recoñecemento con un crédito optativo ECTS para todas as titulacións.

E para que así conste o asino en Santiago de Compostela a trece de febreiro de dous mil catorce.

# ANEXO 11

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 02/04/2012, DE MODIFICACIÓN DO RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS AO ABEIRO DO ARTIGO 12.8 DO REAL DECRETO 1393/2007, DO 29 DE OUTUBRO PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS**

O Real Decreto 1393/2007, no seu artigo 12.8, establece que "De acordo con artigo 46.2.i.) da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro de universidades, os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación até un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursados". A Universidade de Santiago de Compostela aprobou unha regulación mediante Acordo do Consello de Goberno do 4 de xullo de 2008 que foi modificado por outro 22 de decembro de 2011 e con data do 1 de febreiro de 2012 aprobouse un texto refundido.

Na citada regulación establécese que o recoñecemento das novas actividades só será efectivo unha vez se aproben mediante Resolución Reitoral.



A experiencia adquirida neste recoñecemento nas áreas deportiva, cultural e solidarias e de cooperación fan necesario un cambio nas actividades e nos créditos que deben ser recoñecidos, polo que procede modificar as actividades recoñecidas nestes dous ámbitos, modificando así o anexo da Resolución Reitoral do 1 de febreiro de 2012 pola que se aprobaba o recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do RD 1393/2007.

Por todo o anterior, esta Reitoría resolve:

1.- Modificar o Anexo I da *Resolución Reitoral do 1 de febreiro de 2012 pola que se aprobaba o texto refundido sobre Recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro; a acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de grao na USC, e o recoñecemento de créditos de idiomas como créditos transversais* nos ámbitos deportivos e culturais.

2.- Aprobar un novo anexo I que substitúe o anterior nas materias deportiva e cultural e de actividades solidarias e de cooperación.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA.-**

Os referidos cambios terán efectividade dende a data do rexistro de saída da presente Resolución. Os solicitados con anterioridade se lles aplicará a normativa anterior.

Santiago de Compostela, 02/04/2012

O REITOR

Juan J. Casares Long

**ANEXO I**

**ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

Os estudantes da USC poderán obter créditos a través dos programas que se detallan a continuación:

**1.- ESCOLAS DEPORTIVAS DA USC**

Aos alumnos e alumnas que participen nas escolas deportivas da USC e asistan durante todo o ano a clases dirixidas por persoal cualificado que teñan unha programación e seguimento e reciban un proceso formativo cunha programación estruturada e que pode ser avaliable, se lles outorgará 1 crédito ECTS por curso ata un máximo de 4.

O Servizo de Deportes da USC determinará anualmente, polas características particulares das escolas, cales destas serán consideradas para o recoñecemento de créditos e remitirase con tempo para a súa aprobación por Resolución Reitoral. O recoñecemento deberá figurar na convocatoria da actividade.

**2.- DINAMIZADORES/AS DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS EN ESCOLAS E FACULTADES, COLEXIOS MAIORES E RESIDENCIAS**

Ás alumnas e alumnos de Escolas e Facultades, Colexios Maiores e Residencias da USC que desenvolvan labores de difusión e dinamización sobre os distintos programas e accións físico-deportivas promovidas dende a Vicerreitoría con competencias en materia de deportiva e coordinadas polo Servizo de Deportes, e sempre que realicen unha memoria final das actividades desenvolvidas, se lles outorgará 3 créditos ECTS anuais.

**3.- DEPORTISTAS DE RENDEMENTO DA USC**

